

itineris decensis

Camiños Xacobeos Dezaos

Nº 1

Outubro
2019



DEZA, DOUS CAMIÑOS, UN DESTINO

Este proxecto colaborativo nace da suma de esforzos entre Roteiros de Lalín, a Asociación de empresarios de Deza e a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago Lalín - Deza, e conta coa colaboración de Daniel González Alén e de Promove entre outros. As actividades foron presentadas a os Concellos de Lalín, Silleda, Rodeiro e Dozón para buscar tamén a súa implicación. Consta de seis actuacións que consisten na realización do Camiño de Inverno en catorce etapas, a elaboración de dous folletos informativos sobre os nosos Camiños

de Santiago, a creación dunha revista dixital e impresa, a organización de tres conferencias, una campaña de colaboración coa hostalaría e na promoción das nosas rutas xacobeas nos eventos aos que se poida asistir. A nosa proposta participou na convocatoria de axudas da Xunta de Galicia dentro do programa O teu Xacobeo á que se presentaron 650 proxectos de toda Galicia e dos que 325 foron seleccionados e entre eles o noso. As actividades comezaron a desenvolverse o día 30 de xuño de 2019 e finalizarán no mes de abril de 2020.

SUMARIO

- Deza, Dous Camiños, un destino.
páx. 1
- O Camiño de Inverno en 14 etapas.
páx. 2-3
- Vídeo promocional.
páx. 4
- Presentación guía do Camiño.
páx. 5
- As ventás mostrador.
(J.L. Rodríguez Jácome) - páx. 6-8
- A discutible "Vía da Prata".
(Antonio Presas) - páx. 9-11
- Deseño do logo da campaña.
páx. 12

DL PO600/2019





O CAMIÑO DE INVERNO EN 14 ETAPAS

Descubrimos este camiño cun gran potencial e con moito futuro.



Foto: Recepción polo Alcalde de A Rúa Álvaro Fernández e Asunción Arias presidenta de la Asociación Amigos do Camiño Valdeorras

O Camiño de Inverno é una ruta de peregrinación a Santiago coa que se pretendía evitar o tránsito dificultoso polo cumio nevado do Cebreiro. Dende Ponferrada pódese continuar polo Camiño Francés ou desviarse á esquerda polo Camiño de Inverno que segue por unhas cotas máis baixas do terreo aproveitando o val do río Sil. Ten unha lonxitude de 260 quilómetros e percorre as catro provincias galegas. Sae de Ponferrada e pasa por Ponte de Domingo Flórez, O Barco, A Rúa, Quiroga, Pobra de

Brollón, Monforte, Chantada, Rodeiro e Lalín, onde conflúe co Camiño Sanabrés no lugar de A Laxe. O peregrino pode desfrutar con tranquilidade da beleza da paisaxe das diferentes comarcas polas que discorre que son as do Bierzo, Valdeorras, a Ribeira Sacra e Deza. Este Camiño ten un enorme potencial e moitas posibilidades de crecemento nos próximos anos e pode ser un importante elemento dinamizador das terras polas que pasa. O obxectivo da peregrinación que facemos por

RECOÑECIMIENTO OFICIAL

A Lei de Patrimonio Cultural de Galicia no ano 2016 da carácter oficial ao Camiño de Inverno e recólleo como unha das rutas principais dos Camiños de Santiago. Esta foi a culminación dun longo traballo realizado principalmente polas Asociacións das comarcas polas que transcorre así como polos Concellos das mesmas e moitos colectivos e persoas que puxeron de manifesto o carácter histórico deste itinerario.

este camiño é múltiple. Dende logo o factor espiritual, cultural e humano está sempre presente nun primeiro plano. Pero tamén queremos darlle difusión aos múltiples encantos que ten en forma de patrimonio, paisaxe e gastronomía. Tratamos así de aportar un pequeno grao de area e sumarnos a labor xa feita por moitas asociacións e colectivos a prol do Camiño de Inverno e con elo chamar a atención para que se complete a rede de albergues e se realicen as actuacións necesarias para a súa conservación e mellora.



PROMOVE
xestión integral de proxectos
paisaxismo e deseño interior
arquitectura e urbanismo

r/ Nuno Eanes de Cercio, 24, 3º B - 36500 LALÍN (Pontevedra)
Tlf: 986 79 23 61 - www.promovean.es

itineris decensis

Camiños Xacobeos Dezaos

número 1 / outubro 2019 • 3



ETAPA 1: PONFERRADA-BORRENES 21 KM. A primeira etapa fixémola en dúas ocasións para tratar de incorporar á actividade o maior número de persoas posibles. Disfrutamos da paisaxe do Bierzo. Afrontamos con forte calor a subida ao Castelo de Cornatel que se fixo bastante dificultosa.

ETAPA 2: BORRENES - PUENTE DE DOMINGO FLOREZ 15 KM. Visita as médulas 6,5 Km. Subimos ao mirador de Orellán dende onde divisamos esta espectacular paisaxe mineira naturalizada. As Médulas son patrimonio da humanidade dende 1997. O día abriu e foi moi caloroso.



ETAPA 3: PUENTE DE DOMINGO FLOREZ - O BARCO 18 KM. Fermoso percorrido polo val do río Sil con bonitas vistas panorámicas. Fixemos unha pequena parada en Sobradelo. En Éntoma recibíunos a Concelleira de Turismo de O Barco de Valdeorras que nos fixo uns agasallos. Subimos a xantar ao Pazo do Castro onde existe unha torre medieval.

ETAPA 4: O BARCO - A RÚA 15 KM. Saímos do Barco á beira do río Sil polo malecón. Unha forte tormenta sorprendeunos aos poucos quilómetros e fomos atendidos polo Alcalde de Vilamartín de Valdeorras que nos acolleu no Albergue da súa vila. Ao remate do percorrido fomos recibidos polo Alcalde de A Rúa e intercambiamos ideas para promocionar este Camiño.





GRAN ÉXITO DO VÍDEO PROMOCIONAL ELABORADO POR NO MAJOR FILMS

O audiovisual promociona as dúas rutas xacobeas que pasan pola Comarca de Deza e que teñen o punto de encontro no lugar de A Laxe.



A rodaxe estendeuse durante cinco xornadas e incluíu numerosas localizacións do Camiño de Inverno e da variante sanabresa da Vía da Prata dentro dos Concellos de Rodeiro, Dozón, Lalín e Silleda na comarca de Deza, e con final en Santiago de Compostela. O obxectivo da produción é contribuír a divulgar e poñer en valor o amplo patrimonio natural e arquitectónico do Camiño de Inverno e do Camiño Sanabrés remarcando a importancia da nosas rutas xacobeas coma bens culturais de gran relevancia e tamén o valor espiritual e humanístico

das mesmas. A Asociación de Empresarios de Deza xunto coa Asociación Amigos do Camiño de Santiago Lalín-Deza e Roteiros de Lalín producen este audiovisual que está protagonizado por tres actrices voluntarias - Beatriz Canda, Isabel Crespo e Josefina Carpinteiro - que son participantes das andainas que se están a facer polo Camiño de Inverno, e tamén por un actor voluntario - José Luis Rodríguez. O realizador lalinense Fernando García, socio do estudio creativo No majors, dirixiu o proxecto. Este traballo presentouse o día 6

de setembro, previamente á Conferencia-coloquio que impartiu Aída Menéndez sobre o Camiño de Inverno nas instalacións da Asociación de Empresarios de Deza. A difusión a través das redes sociais tivo una amplísima repercusión e un forte impacto. As cifras neste momento son as de máis de 35.000 persoas alcanzadas, máis de 15.000 visualizacións e foi compartido máis de 370 veces. O vídeo foi divulgado tamén polos perfís en redes sociais de institucións como o Concello de Lalín, o Concello de Silleda, Turismo de Galicia e Camino Xacobeo.

Restaurante M^a José
986 79 40 07
LAXE - BENDOIRO



VIA DE LA PLATA
LAXE-BENDOIRO

Parking para automóviles y bicicletas

Pasto cerrado para caballos

WIFI - TERRAZA - TV - LAREIRA

Sellamos credenciales
We spam your credential



AÍDA MENÉNDEZ PRESENTOU EN LALÍN A NOVA EDICIÓN DA GUÍA DO CAMIÑO DE INVERNO

O investigador Daniel González Alén destacou o seu labor a prol deste Camiño.



AÍDA MENÉNDEZ LORENZO

É Presidenta da Asociación “Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra” dende 1999. Foi Concelleira de Asuntos Sociais, Cultura e Educación do Concello de Monforte. Licenciada en Psicopedagogía. Foi Mestra durante 23 anos. Investigadora. Autora de múltiples publicacións e relatorios.



O venres día 6 de setembro, atendendo a nosa petición, Aída Menéndez acudiu a Lalín a presentar a segunda edición da guía do Camiño de Inverno. A autora actualiza e complementa este traballo que apareceu por primeira vez no ano 2013. Entre as principais melloras que se incorporan está a inclusión dos novos albergues e unha mellora dos mapas, que se presentan dun xeito máis funcional, para que o lector visualice comodamente toda a información necesaria. Na súa intervención Aída, que procede do mundo do ensino, transmitiu coma sempre toda a súa enerxía e ilusión polo Camiño de Inverno que seguen intactas despois de vinte anos de esforzo para a consolidación

desta ruta xacobeá. Tamén remarcou a importancia non só da descrición física do itinerario, senón tamén da aportación de datos históricos e patrimoniais. A conferencia fixo un percorrido polo pasado, polo presente e polo futuro deste Camiño que pasa polas catro provincias galegas. Foi no ano 1999, cando Aída Menéndez desempeñaba o seu labor como Concelleira de Cultura no Concello de Monforte, o momento no que se encargou o primeiro estudo de investigación sobre o Camiño a Santiago pola Ribeira Sacra. Despois creouse unha a Asociación e dende ela promovéronse múltiples iniciativas a xeito de congresos, xornadas anuais, publicacións

en todos os soportes, encontros con autoridades, andainas, colocación de sinalética e sobre todo una gran suma de esforzos de todas as comarcas e de moitas persoas que cristalizaron co recoñecemento oficial do Camiño de Inverno na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia no ano 2016. Entre as propostas para o futuro do Camiño de Inverno, Aída Menéndez mencionou a necesidade de mellora das infraestruturas e que se consolide unha rede de albergues, así como a dinamización dos elementos patrimoniais e que se continúe coa promoción e a labor investigadora.



MAPFRE
Nº Reg. 39545



Tel. +34 986 78 73 79 , Fax +34 986 78 01 66
Avda. Luis González Taboada, 48. 36500 LALÍN.
Pontevedra. España

Tel. +34 986 79 03 39 , Fax +34 986 79 18 13
Ctta. General S/N. 36530 RODEIRO
Pontevedra. España

www.mapfre.com/oficinas/6918
www.jfraseguradores.com
javiefe@mapfre.com



AS VENTÁS MOSTRADOR DO CAMIÑO SANABRÉS NA COMARCA DE DEZA

A súa presenza pode servir para determinar o paso das rutas xacobeas.

J.L Rodríguez Jácome



Foto: O Camiño Sanabrés ao seu paso entre Pontenoufe e A Xesta

O Camiño Sanabrés a Compostela é unha variante da Vía da Prata que comeza na localidade zamorana de Granja de Moreruela. O percorrido deste Camiño vai por Puebla de Sanabria, A Gudiña, Laza ou Verín, Ourense, Cea, Dozón, A Laxe, Silleda, Ponte Ulla e chega a Santiago. Esta vía de peregrinación da continuidade á que ven do sueste da península ibérica dende

Mérida onde se concentran as rutas de Andalucía. Estes itinerarios foron empregados polos mozárabes, que eran cristiáns que residían nos territorios conquistados polos musulmáns, para peregrinar a Santiago e por iso fálase tamén do Camiño mozárabe. A ruta aproveita a antiga vía romana que ía dende Emerita Augusta (Mérida) ata Asturica Augusta (Astorga) e aínda conserva

restos da calzada romana e moitos miliarios. O nome de Vía da Prata podería ser unha derivación de via Delapidata por estar construída a base de lapides, é dicir, adoquinada ou por ter miliarios ou lapis. Tamén algún autor menciona que poderíamos estar ante unha derivación da expresión árabe b'lata que significaría camiño empedrado.



ITINERARIO DESTE CAMIÑO NA COMARCA DE DEZA:

Vai por A Gouxa, Vidueiros, Castro Dozón e alto de Santo Domingo. Segue por Puxallos, Pontenoufe, A Xesta, Medelo, Botos, Donsión ata A Laxe. Continúa por Bendoiro, Prado e Ponte Taboada. Despois de cruzar o río Deza vai por Taboada, Silleda, Bandeira e Dornelas. Segue logo a Ponte Ulla, Lestedo e Santiago. Na fotografía vese a ponte medieval de Ponte Taboada que data do ano 912 e conta xa con máis de mil cen anos de historia.

A historicidade deste Camiño pódese fundamentar pois en diversas circunstancias. Na base da Vía da Prata está a calzada romana identificada coa vía XXIV do Itinerario Antonino e que iría dende Emerita Augusta ata Asturica Augusta, onde conectaría coas vías XVIII, XIX e XX que percorrían a actual Galicia. Posteriormente veu unha fase de dominio musulmán a partir do ano 711 que aproveitou o moito que quedaba desta vía para controlar o oeste da península ibérica e avanzar cara o norte. No ano 813 prodúcese o descubrimento do sepulcro do apóstolo Santiago e o comezo das peregrinacións que dende o sueste farían cristiáns fuxidos da conquista musulmana ou mozárabes. Aquí ábrese un período denominado comunmente como “reconquista” que consiste no avance dos novos reinos cristiáns do norte da península ibérica, protexidos por “Santiago matamoros” cara o sur nun proceso que durou varios séculos e que tivo avances e retrocesos ata que finalmente se completou o dominio de toda a península ibérica polos reinos cristiáns no ano 1492 coa toma de Granada. A partir deste momento incrementaríanse as peregrinacións dende o sur e centro da península por este camiño cheo de templos adicados ao apóstolo Santiago e con hospitais para acoller aos peregrinos en moitos puntos da ruta.



Foto: cidade romana de Cáparra ao norte da provincia de Cáceres. A Vía da Prata pasa por debaixo do arco cuadriforme. Quinta mansio da Iter ab Emerita Asturicam

En canto a variante sanabresa ou Camiño Sanabrés podemos atopar una xustificación histórica do mesmo en diversos elementos. Na igrexa de localidade zamorana de Granja de Moreruela nun cartel na fachada di “En este lugar se bifurca el Camino jacobeo para volver a encontrarse a los pies del señor Santiago. Que en la andadura que sigas, Santiago te acompañe”. A opción de desviarse á esquerda por esta variante sanabresa, posiblemente empregada dende época visigótica fundamentalmente polos peregrinos mozárabes, puido deberse a diversos factores, entre eles a fundación do mosteiro de Santa María de Moreruela, que anteriormente foi coñecido como mosteiro de Santiago da Moreruela, no ano 1158 pola orde do Cister do que aínda se conserva una gran igrexa de tres naves románicas con xiro de sete capelas. Outro dato significativo a considerar é a imaxe do Santiago peregrino da igrexa de Santa Marta de Tera do século XII que está considerada como a representación máis antiga de Santiago como peregrino. Pero ademais dos peregrinos, este camiño era empregado como cañada ou paso para o gando, como itinerario de postas para levar o correo e tamén foi o camiño empregado polos segadores galegos para ir a traballar aos campos de Castela. O Camiño de Castela ou “Vereda de los Gallegos” da nome ao itinerario empregado polos segadores galegos ao comezo do verán para ir a traballar a Castela e polo que regresaban ao final da tempada, onde á volta ofrendaban as súas fouces no Santuario da Tuiza, xusto antes de afrontar a subida á portilla de A Canda e entrar en Galicia.



Foto: Santiago peregrino na igrexa de Santa Marta de Tera provincia de Zamora



Ventás mostrador.

Segundo o que publica en prensa o investigador Francisco Rubia Alejos, nalgúnhas casas de arquitectura tradicional hai ventás na planta baixa que se poden denominar como “ventás mostrador”. Estas antigas ventás dan á rúa e teñen a particularidade de ter no peitoril o borde inferior que coroa o antepeito máis ancho do seu espesor habitual e está disposto en voladizo,

nalgúns casos incluso labrado ou moldurado. A superficie plana e ancha estaba pensada para facer de pequeno mostrador, dende onde se despachaban produtos, polo xeral alimenticios, aos camiñantes en xeral e a peregrinos que facían o Camiño de Santiago. Nestas tendas asentadas á beira do camiño, a venta facíase a través da ventá por razóns de seguridade, preservando deste xeito o interior que era a vivenda. Polas noites pechábanse con fortes follas de madeira maciza, e nalgúns lugares, para maior garantía tiñan reixa en forma de barrotes de ferro. A presenza das ventás escaparate serve en moitos casos para determinar o paso das antigas rutas xacobeas polo que deberían ser inventariadas e conservadas antes de que desaparezan. Varias son as ventás mostrador existentes no Camiño Sanabrés ao seu paso pola Comarca de Deza. Entre elas están as de A Xesta, A Laxe e Ponte Taboada.



Ventá mostrador na Xesta



Ventás mostrador na Laxe

ALBERGUE PARA PEREGRINOS

**Carpinteiras**
HOSTAL • CAFETERIA • PARRILLADA

Ctra. General - Chantada, 62 - Teléf. 986 790 196
36530 RODEIRO (Pontevedra)
hostalcarpinteiras@gmail.com



Ventá mostrador en Ponte Taboada

A DISCUTIBLE "VÍA DA PRATA" E O SEU PASO POLO CONCELLO DE LALÍN.

Antonio Presas García



**Antonio
Presas
García**

*Soutolongo
(Lalín)*

Mestre. Licenciado en Xeografía e Historia. Autor de multitude de artigos e publicacións entre elas o libro "Os Castros de Lalín". Foi distinguido coa Folla de Carballo de Ouro polo Concello de Lalín.

Na década dos anos 90 a Xunta de Galicia, baixo a cómica figura do "Pelegrin", puxo en marcha diversos mecanismos para promocionar o turismo xacobeo nunha banal imitación do que tiñan sido as peregrinacións a Compostela. Os traballos realizados non só consistiron na creación dunha vasta rede de albergues e puntos de información ao longo do "Camiño Francés", senón tamén no rescate de outros camiños que case morreran no esquecemento (Camiño Inglés, Camiño Primitivo, Ruta do Mar, Camiño Portugués, etc...) e nesa tentativa debemos situar a discutible "Vía da Prata", unha denominación, evidentemente, inapropiada.

1 - Recoñecemento da discutible "Vía da Prata".

Correspondeulle á Xunta de Galicia ser quen de reorganizar e poñer baixo control oficial os camiños que levaron historicamente peregrinos a Compostela e empezouse pola aprobación de leis e normativas. Así, a Lei 3/1996 do 10 de maio tiña como obxectivo delimitar e marcar diferentes niveis de protección dos tramos dos camiños de Santiago que discorren por Galicia, entendendo por tales todas as rutas históricas recoñecidas documentalmentemente e dentro das que se incluía, sen ter en conta importantes equívocos, a que se pasou a denominar

"Vía da Prata". Segundo a documentación manexada polo Xacobeo a "Vía da Prata" ten, desde a Meseta, dúas entradas a Galicia: (a) unha polo concello da Mezquita no lugar de Portela da Canda e outra polo concello de Verín, no lugar de Feces de Abaixo. No mes de xaneiro de 1998 a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a través da Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, someteu a información pública o expediente de delimitación e deslinde da "Vía da Prata", exposto nas delegacións provinciais da Consellería de Cultura, no edificio de San Caetano e nos 35 concellos

polos que pasaba (concellos afectados). Con anterioridade, o concello de Lalín xa recibira o proxecto de "Proposición da delimitación do Camiño de Santiago desde o Sur peninsular o seu paso polas provincias de Ourense, Pontevedra e A Coruña, Vía da Prata" para exposición pública e para que cantos se consideraran interesados puideran realizar consultas e presentar alegacións ao respecto. No concello de Lalín unicamente o grupo municipal BNG, unha vez consultado o expediente, presentou unha alegación crítica de fundamento, que non se tería en conta.

2- A alegación do BNG de Lalín encontra da denominación “Vía da Prata”. A alegación do BNG foi presentada no rexistro da Oficina da Xunta de Galicia o 23 de febreiro de 1998 e este era o seu contido íntegro: “A denominación de VIA DA PRATA ao camiño que traspasou polos portos da Canda e Padornelo as Serras Surorientais de Galicia, a finais do século XVIII, constitúe unha aberración histórica premeditada sen precedentes. Falsear a historia ou trocala en base a mentiras é unha artimaña rastreira para unha institución pública que se declare seria e lexítima. A RUTA DA PRATA orixinal non tiña nada que ver con este enxendro local denominado VIA DA PRATA, senón cunha ruta comercial terrestre prehistórica que desde Tartessos chegaba ao noroeste Peninsular, fronte á ruta marítima que se dirixía ata Gran Bretaña. Tartessos, no século VII a C., mantiña relacións comerciais cos fenicios e cos pobos do interior da Península a través desta ruta. Tras a ocupación da Península, os romanos trazaron dúas vías (calzadas) en sentido N-S polo lado occidental:

a- A “Vía Costeira” que pasaba por Olisipo, Scallabis, Conimbriga, Bracara Augusta, Iria Flavia e Brigantium

b- A “Vía da Prata” que enlazaba Emerita Augusta con Asturica Augusta (Astorga), comunicando as rexións do Noroeste co tráfico comercial do curso baixo do Guadiana.

Desde a Via Hercúlea ou Augusta, que bordeaba as rexións mediterráneas ata o sur de Andalucía, podía enlazarse coa Vía da Prata a través de Carteia (cerca de Algeciras), Gades, Itálica, Onoba e desde este punto xa se enfilaba cara o Norte a través de Pax Augusta, Évora, Emérita Augusta, Norba, Salmántica, Asturica Augusta,



Fotografía: Mapa do xeógrafo Tomás López feito no ano 1784

onde enlazaba coa vía procedente de Burdigalia (Bordeos). Desde Asturica Augusta (Astorga) adentrábase en Galicia pasando por Bergidum Flavium, Lucus Augusti e Brigantium.

En consecuencia, a proposta da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo rompe o trasfondo histórico da cuestión e, se non se pretende falsear a historia, débese corrixir este erro manifesto, contando se é preciso con informes históricos fidedignos”.

Os feitos, por causade intereses ben definidos, foron en contra desta alegación, que non se tivo en conta no seu momento, confirmándose como verdadeira unha ruta cun nome completamente inapropiado.

3- A “Vía da Prata” ao seu paso polo concello de Lalín segundo a versión oficial.

Segundo a versión oficial ou legal o camiño en cuestión entra na provincia de Pontevedra a través do concello de Dozón e unha vez sobrepasado Santo Domingo chega ao concello de Lalín, pasa ao lado da capela de San Roque

en Puxallos e continúa cara a Ponte Noufe, onde atravesa o río Deza ou Asneiro. Desde aquí comeza o ascenso pola vertente dereita do río Asneiro, vai cara a Vila, a capela da Virxe do Carme en A Xesta, continúa por Medelo, Mesón do Cuñarro, atravesa o Río Portos e un pouco máis adiante chega a Baxán de Arriba, San Xoán de Botos, pasa a carón da igrexa de Santa Baia de Donsión, atravesa o río Cabirtas por A Devesa, Campo, Empedrada, Prado, Borralla e finalmente atravesa o río Deza pola ponte románica de Taboada. Traspasada esta histórica ponte adentrase no concello de Silleda. No seu percorrido polo concello de Lalín, unha vez traspasado o río Asneiro en Ponte Noufe, aparecen diversas variantes nas parroquias de A Xesta e Botos que tanto poden acollerse a tramos rectos como seguir rodeos de pouca distancia, orixinados por infraestruturas modernas que distorsionaron o trazado orixinal deste vello camiño (liña vella do tren e liña do TAV).

4- A escavación arqueolóxica do vello Camiño Real en Medelo (A Xesta).

Nos meses de xullo-agosto do ano 2008 tivo lugar unha interesante intervención arqueolóxica sobre o vello Camiño Real Ourense-Santiago, no “Agro do Espiño”, ao Oeste de Medelo, motivado polo paso do Tren de Alta Velocidade (TAV), que se entrecruzaba co referido Camiño. Os traballos consistiron na escavación de nove cuadrículas de 4x4 metros, dispostas linealmente, e os resultados desta intervención permitiron identificar tres momentos de uso do camiño anteriores ao actual, asfaltado en 1988 (nivel 0):

a- Nivel 1. Situado por debaixo da capa de asfalto e no que quedaron rexistradas sinais de paso de pneumáticos de tractores, asociadas a materiais de época contemporánea (plásticos, gomas, ladrillos, tellas, cerámica vidrada, unha moeda, ...)

b- Nivel 2. Este nivel, relacionado coa construción de muros laterais de delimitación do camiño, está caracterizado pola existencia dun empedrado de pedras miúdas con sinais de rodeiras de carros e, no interior, apareceron fragmentos de ferro (cravos, unha ferradura e unha escoura). Tanto o empedrado como os muros laterais estaban apoiados sobre un recheo de nivelación.

c- Nivel 3. Corresponde ao momento de uso máis antigo do camiño, anterior á construción dos muros, no que se identificaron rodeiras cun ancho de eixes de 0,85 metros. Este nivel aséntase sobre terra escura compactada e debe corresponder a un camiño de monte sen ningún tipo de



acondicionamento específico. Neste depósito recuperáronse varios fragmentos cerámicos de adscripción a época medieval, un fragmento de ferro, dous instrumentos líticos e unha moeda de bronce ilexible. As datacións por carbono 14, realizadas sobre unha mostra tomada nunha das rodeiras, indican corresponder, aproximadamente, ao ano 1.100 (séculos XI-XII).

En consecuencia, a información proporcionada polos traballos de escavación permite identificar unha estrutura viaria cunha longa duración temporal. O primeiro momento de uso do camiño remítenos á época medieval, cando se trataba dun camiño de monte polo circularían tanto persoas como carros, pero sen acondicionar para o tránsito. Posteriormente realízanse labores de acondicionamento coa construción do empedrado e o levantamento dos muros sobre un preparado de nivelación, que lle dá maior consistencia, facilitando as condicións do tránsito e do transporte.

Este Camiño Real foi utilizado como vía de comunicación entre a zona de O Ribeiro e Santiago

para transportar o viño e todo parece indicar que o cambio experimentado foi debido a unha maior intensidade de tráfico, que pode ter que ver co incremento na produción e distribución de viño, no século XII, a consecuencia da actividade dos mosteiros.

5. Conclusión

O tramo de camiño que aquí se describe é coñecido xeralmente como Camiño Real, Camiño dos “Castellanos”, Camiño de Ourense, Camiño dos Arrieiros e incluso camiño Portugués ou Camiño de Chaves pero a denominación Ruta da Prata, por estas latitudes, resulta unha imposición artificial, imposta por unha serie de razóns pseudohistóricas, oportunistas e descontextualizadas.

Os nosos seitureiros, que a mediados do século XIX, se desprazaban por este camiño atravesando os portelos da Canda e do Padornelo (a “vereda dos galegos”), para chegar ata as proximidades de Toledo, nunca empregaron ese termo, nin teñen escoitado tales referencias.



A ARTISTA LOCAL SÉ SENANDE DESEÑO O LOGO DA CAMPAÑA.



Coa súa amabilidade habitual, Sé Senande atendeu a nosa solicitude de resumir graficamente a proposta promocional que queremos facer dos Camiños de Santiago que pasan pola Comarca de Deza. Sé é profesora de debuxo e cartelista de moitos eventos. As súas creacións destilan cor e transmiten vitalidade. Xa recibimos varios comentarios favorables sobre o que é o debuxo estandarte das nosas actividades. Estamos ante un deseño minimalista, sinxelo, expresivo, que incorpora as cores do Camiño e a silueta da catedral de Santiago. Aparecen posicionados sobre o mapa de Galicia en forma de círculos a Comarca de Deza e as vilas polas que pasan os Camiños sanabrés e de inverno a modo de símbolos topográficos inspirándose na cartografía. Un logo que combina moi ben con multitude de cores e que pode estar en moitos soportes. Esperemos que así sexa. Santiago é un destino, pero a Comarca de Deza tamén o pode ser.

A TABERNA DE VENTO

DESAYUNOS · BOCADILLOS · VINOS Y TAPAS · INTERNET

◆ Café - Bar ◆ Menú do día ◆ Cocido

Estación de Botos, 38 - 36519 - LALÍN

T. 986 780 734 - 629 306 679

Mail: atabernadevento@gmail.com

SERVICIOS

- DESAYUNOS
- ALOJAMIENTO
- COMIDAS (MENÚ PEREGRINO)
- CENAS
- BOCADILLOS
- TAXI (EXTERNO)
- RECOGIDA MOCHILAS (EXTERNO)
- LAVANDERÍA

ESTAMOS EN EL MISMO CAMINO, SIN DESVIARSE
SERVICIO DE ALOJAMIENTO EN PENSIÓN DE 2*

HABITACIÓN DOBLE CON BAÑO
HABITACIÓN INDIVIDUAL CON BAÑO
HABITACIÓN FAMILIAR CON BAÑO (4 PERSONAS) TODAS ELLAS
DISPONEN DE TV, CALEFACCIÓN, WIFI, BAÑO PRIVADO, SERVICIO DE LAVANDERÍA...
PRECIOS ESPECIALES PARA PEREGRINOS



O café de Mili

Rúa Principal, 28-baixo - 36500 Lalín (Po)
Teléfono: 687 916 938